



EIXE 2 | A Recuperación como meta

Resilencia

Entidade executante

CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
<https://www.caritas-santiago.org/>

Ámbito territorial

O programa desenvólvese na provincia de Ourense.

Persoas destinatarias

Persoas con trastornos mentais (incluídos os aditivos), persoas sen fogar ou en risco, en situación de busca de emprego.

Obxectivos

Acoller e avaliar de maneira integral as persoas en situación de sen fogar e/ou con trastornos mentais/aditivos

Mellorar as competencias persoais das persoas, con fortalecemento de habilidades de desenvolvemento persoal, educación para a saúde e social.

Mellorar a empregabilidade das persoas sen fogar e/ou con trastornos mentais/aditivos proporcionándolles as ferramentas para a súa inserción laboral.

Proporcionar estratexias e competencias necesarias de cara a súa autonomía persoal.

Facilitar e fomentar un ocio saudable a través do acompañamento educativo das persoas, dentro da comunidade.

Fortalecer a coordinación con entidades sociosanitarias, servizos de saúde mental, atención primaria e unidades de condutas aditivas.

Sensibilizar a cidadanía a romper o mito sobre a realidade das persoas sen fogar e os problemas de saúde mental.

Metodoloxía

Realizarase unha labor de acompañamento social, para paliar o sentimento de soidade. Con itinerarios personalizados para cada participante. Os principios reitores empregados son: un enfoque de dereito: centrado nas persoas, perspectiva de xénero, participación, mellora do coñecemento, corresponsabilidade e colaboración.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19

O programa Resilencia funciona de xeito complementario a dous proxectos xa existentes: Centro de Transición á Vida Autónoma A Valenzá e o Programa AZO.

- Centro de Transición á Vida Autónoma A Valenzá: é un recurso residencial (24h/365 días) de media estancia que conta con 10 prazas (para homes e mulleres), onde ademais de facilitar vivenda e a cobertura de necesidades básicas, realízase un traballo integral, tendo como obxectivo a incorporación social e laboral das persoas sen fogar.
- Programa AZO: programa de acompañamento e apoio psicosocial con atención as 24h os 365 días de maneira telefónica, vía e-mail e presencial.